


novas  
en

# branco e negro

Nº 12 - Xullo 2002



O periódico  
dos criadores de frisón de Galicia



## CONCURSOS AUTONÓMICO E INTERNACIONAL 2002




O 25 Aniversario da "Feria Internacional Semana Verde de Galicia" marcou un hito no que a concursos de gando frisón na nosa comunidade se refire. Un hito en tódolos aspectos; na participación, -competiron 184 animais, orixinarios de 5 países, e propiedade de 59 explotacións nacionais e extranxeiras,- na calidade dos animais, -participaron campioas de distintas autonomías e/ou países do noso entorno,- en premios,- repartíronse máis de 27.000€ (4.500.000 Ptas) en premios en metálico, ós que se suman os lotes de embrións para as campioas, unha becerra, trofeos e lotes de doses semináis de touros de Fontao para tódalas ganderías participantes,- e éxito tamén, na gran asistencia de público profesional (galego, nacional e extranxeiro), que nos acompañou durante a celebración tanto dos concursos e actividades, como na VI Subhasta TOP-BOS.

Si amigos, con este preámbulo podemos definir o que foron o XI Concurso Autonómico da Raza Frisona "Fefriga 2002" e o XXIV Concurso Internacional de Frisón Semana Verde, que se celebraron en Silleda os pasados días 21 e 22 de Xuño, e que foron xulgados polo extraordinario Xuíz Internacional da Holstein Association of Canadá D. Yvon Chabot quen estivo acompañado en pista polo noso bó amigo e infatigable colaborador D. Gabriel Blanco, Xefe do Dpto de Morfoloxía de Conafe. O Sr. Chabot (que este outono será o encargado de xulgar o Royal Winter Fair de Canadá) demostrou ó longo de todo o certame o seu excelente coñecemento da Raza Frisona, así como a súa ampla experiencia e bo

facen nestas lides. Sí, con aplomo, seguridade e a rapidez que define tán só ós auténticos profesionais, o Sr. Chabot colocou no seu lugar a todos e cada un dos animais que compoñían as distintas seccións, ofrecendo a continuación, explicacións claras, concretas e concisas dos motivos polo que realizara a súa colocación.

A pesar de que máis adiante ofrecemos con todo detalle os resultados das distintas seccións, queremos destacar o papel realizado por Cid Astre ROSI, de Gandería Cid, C.B. (Barreiros-LU) que tras quedar colocada primeira da sección de Becerras de 13 a 15 meses conquistou os títulos de **Becerra Campioa de Galicia, Terneira Campeona Internacional e Xovenca Gran Campioa de Galicia**. A **Novilla Gran Campeona Internacional** correspondeu o extraordinario exemplar de nome **Travesía Progress LISA** propiedade do **Sindicato Lisa** de Iraizotz-Navarra.



En canto ás vacas é de resaltar o papel realizado por Bos Astre BAIÑA MB87, esta extraordinaria vaca, -criada na UTE Bos e adquirida pola Gandería Cobas (Silleda-PO) na I Subhasta Top-Bos; conquistou os títulos de **Vaca Adulta Campioa de Galicia e Subcampeona Internacional, Gran Campioa de Galicia** e tamén **Mellor Ubre de Galicia**. Como **Gran Campioa Internacional**, o Xuíz designou a **Salinoise OTTAWA**, propiedade de **Shanon Farms**, de Irlanda. Esta soberbia vaca, -que acadou o Título de subcampeona de Francia na Feira de París,- é filla de **Langourla**, outra excepcional e ben

coñecida vaca, que conta no seu palmares nada menos que co **Título de Vaca Campioa de Francia (Feira de París)** así como o de **Campioa Reserva de Europa**, Título este conseguido no **Aberto de Verona (Italia)** no que só foi superada pola inigualable **Quintana Grand MELISA**.

Segue na páx. 2

## DATAS A LEMBRAR

- 27 e 28 de Xullo** (Chantada - Lugo)  
XI Concurso-Subasta de Gando Frisón Chantada '02
- 29 ó 31 de Xullo** (Provincia de Lugo)  
XVI Escola de Xuíces Gandeiros Fefriga 2002
- 7 e 8 de Setembro** (A Estrada - Pontevedra)  
X Feira da Becerra Selecta  
- VII Concurso Frisón
- 26 ó 29 de Setembro** (Xixón - Asturias)  
XXV Concurso Nacional de Otoño CONAFE 2002

## ELECCIÓNS AFRICOR-LUGO

Según o previsto nos estatutos, o pasado día 10 de Xuño Africor-Lugo celebrou eleccións para renovar a metade da súa Xunta Directiva, resultando elexidos os Sres:

D. Manuel Rodríguez Liz  
D. José Manuel López Tellado  
D. Fernando Paz Aguiar

Tras tomar posesión dos seus cargos, o pasado 24 de Xuño, a Xunta Directiva de Africor-Lugo queda constituída como sigue:

Presidente	D. J. Aquilino Rodríguez López
Vicepresidente	D. Manuel Rodríguez Liz
Secretario	D. Francisco López Folgueira
Tesoureiro	D. José Manuel López Tellado
Interventor	D. Álvaro J. Castro Fernández
Vocal 1º	D. Fernando Paz Aguiar
Vocal 2º	D. Manuel Pacín Rey

Coa nosa noraboa, desexámoslles tódolo mellor para eles e para Africor-Lugo.

Ven da portada



Sección Vacas en lactación 4 anos

En resumo, podemos decir sin temor a equivocarnos, que Semana Verde 2002 foi o punto de encontro no que se deron cita bo número das mellores vacas de España e Europa, facendo as delicias dos gandeiros ós que lles gustan as boas vacas Holstein, sin importarlles (como debe ser), quén, dónde ou cómo foron criadas. Sí señores, pensamos que o éxito dun concurso mídese pola calidade dos animais concursantes, e a fé que podemos dicir, - e con orgullo; que este ano en Silleda houbo CALIDADE con maiúsculas; e decimos con orgullo porque, non o esquezamos, máis da metade dos 27.000€/4.500.000 Pts. recaeron en animais propiedade de ganderías de Galicia. A todas elas e a todos os que colaboran na promoción da Cabaña Frisona Galega ¡Moitas Gracias!



Bos Formation SARAIBA ET foi vendida en 6.100 €


## VI SUBHASTA TOP-BOS

Ás seis da tarde do día 22 de Xuño, en Silleda daba comenzo, no ring de concursos, a VI Subhasta TOP-BOS no que se puxeron a venta 14 estupendos exemplares (10 femias e 4 machos), criados na Unidade de Transferencia Embrionaria de Bos. Igualmente, e por primeira vez, subhastáronse 5 extraordinarios lotes de embrións procedentes das mellores doadoras da UTE.

Máis adiante detállanse os prezos no que foron vendidos todos e cada un dos lotes subhastados, pero son de destacar os 6.100€ pagados por Bos Formation SARAIBA ET e Bos Winchester BALA ET así como os 6.000€ pagados por Bos Lee MERLA ET.

A gran afluencia de público de diferentes autonomías e incluso do extranxeiro, e o extraordinario nivel xenético, morfolóxico e

sanitario dos animais subhastados, - reflexados nos prezos pagados, - así como a seriedade e garantías que ofrece todo o proceso, avalan e confirman a subhasta Top-Bos como unha das máis prestixiosas a nivel de todo o Estado.



Bos Winchester BALA ET subhastouse en 6.100 €

Lote	Animal / Embrións	Prezo	Comprador
1.	Bos Stoneham TRONCADA	2.400 €	Xercas - Portalousa (Xermade-LU)
2.	Bos Cousteau BOIRA	2.600 €	José Santomé Pereiro y Otros (Lalín-PO)
3.	Bos Aaron ZARA	2.300 €	Xercas - Casa Pernas (Xermade-LU)
4.	Bos Formation SARAIBA ET	6.100 €	Xercas - Casa Pernas (Xermade-LU)
5.	Bos Metro ICIA ET	2.500 €	Gandería Purutú (Chantada-LU)
7.	Bos Winchester BALA ET	6.100 €	Xercas - SAT Cavadas (Xermade-LU)
8.	Bos Windsor VERA	4.100 €	Xercas - SAT Cavadas (Xermade-LU)
9.	Bos Lee MERLA ET	6.000 €	Xercas - Portalousa (Xermade-LU)
10.	Bos Marty ADAI	4.500 €	Xercas - Casa Pernas (Xermade-LU)
11.	Bos Manfred LIRA ET	4.600 €	José Santomé Pereiro y Otros (Lalín-PO)
13.	Bos Igniter VALOR	1.200 €	Jesús Diéguez Cuñarro (Rodeiro-PO)
14.	Bos Rubens SALAIO	2.000 €	SAT Langueirón (Ponteceso-C)
15.	Bos Laurier CURUXO	1.800 €	Plá de Vencilló, SCCL (Linyola-Lleida)
16.	Bos Jolt MARQUES ET	2.100 €	Gandería A Viña (Agolada-PO)
17.	2 Emb. de RIGUEIRA x STORMATIC	1.150 €	Casa do Capador (A Pastoriza-LU)
18.	2 Emb. de MACIÑEIRA x ALLEN	600 €	Triláctica, SL (Lleida)
19.	2 Emb. de MERA x INQUIRER	1.200 €	Casa Xepe (Ribadeo-LU)
20.	2 Emb. de CURUXA x STORMATIC	1.000 €	Granxa Caxigueira (Ortigueira-CO)
21.	2 Emb. de ANTIGA x RUBENS	850 €	Gandería Blanco (Lalín-PO)

Medias: (IVE incl.): Machos 1.899 €/316.008 Pts., femias 4.408 €/733.496 Pts., embrións: 1.027 €/170.912 Pts.

## II CONCURSO DE PINTURA FEFRIGA 2002



O día 6 de xuño, ás 18h. e nas instalacións da Fundación Semana Verde de Galicia en Silleda, reuníase o Xurado Cualificador do II Concurso

de Pintura "Fefriga '02" que estivo composto nesta ocasión polos Sres D. José M<sup>a</sup> Salgado López, Presidente da Denominación de Orixe "Queixo de Tetilla", quen actuou como Presidente do Xurado. D. Anxo Quintela González, dos Servicios informativos da TVG, que actuou como Secretario; e como vocais D. Fernando Viñas Cedrón, Delegado de Mapfre Agropecuaria para Galicia, D. José Aquilino Rodríguez López, Presidente da Federación Frisona Galega, e D. Julio Pérez Filloy, Director da Lonxa Agropecuaria de Galicia.

Despois de examinar unha a unha, as máis de 100 obras presentadas, e tras longas deliberacións, o Xurado acordou por unanimidade, conceder os premios detallados o pé desta páxina.

Destá II edición cabe destacar a gran calidade dos traballos presentados, particular visión, a menudo sorprendente, que do mundo agrogandeiro teñen os máis xoves, así como a súa especial forma de plasmala nos seus debuxos.

Por todo elo, transmitímoslles nosa felicitación, aproveitando xa para invitalos dende hoxe a participar na III Edición deste concurso, que con toda seguridade, celebraremos o ano que ven.

Non podemos finalizar esta liñas sen felicitar e transmitir noso sincero agradecemento a tódolos membros do Xurado, pola dedicación, sensibilidade e extraordinaria valía humana e profesional, demostrada unha vez máis o longo de tódolo proceso de valoración dos traballos e concesión dos premios.

### Categoría ALEVÍN - 3 a 7 anos



A miña casa

- 1º Noel Rodríguez Alvite (Pol - LU)
- 2º Pablo Bescansa García (Santiago - C)
- 3º Daniel Moure Otero (Ordes - C)
- 4º Denise Paz Rodríguez (Silleda - PO)
- 5º Marco Lorenzo Crespo (Silleda - PO)

### Categoría INFANTIL - 8 a 12 anos



O País do Leite

- 1º Andrea Pardo Fernández (A Coruña)
- 2º Manuel Bescansa García (Santiago - C)
- 3º Bruno García Méndez (A Pastoriza - LU)
- 4º Aitana Balboa Linarez (Santiago - C)
- 5º Jaime Bescansa García (Santiago - C)

### Categoría JUNIOR - 13 a 16 anos



Os Nossos Campos

- 1º Jessica Bello Ben (Abadín - LU)
- 2º Laura Moldes Pérez (Silleda - PO)
- 3º Carlos Calvo Varela (Ordes - C)
- 4º Martín Castro Segade (Arzúa - C)
- 5º Cristina Seoane Novo (Curtis - C)







